

CRONOBIOGRAFÍA

de Valentín Paz Andrade

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN FdZ.

1899

○ 23 de abril nace en Lárez, Pontevedra; fillo de Francisco Paz e Matilde Andrade, nun medio de raíz fidalga e con varios avogados na familia.

1906

○ 1 de decembro mórrelle a nai.

1916

Coñece a Castelao en Pontevedra por intermediación do seu tío materno Xoán Bautista Andrade quen influíra decisivamente na súa orientación vital.

1917

Comeza os estudos de dereito en Santiago e empeza a colaborar en *Gaceta de Santiago* e a exercer de xefe de redacción en *La Provincia* de Pontevedra.

1919

Participa na II Asemblea Nacionalista de Santiago, e como orador do *Grupo Autonomista Galego de Estudiantes*, convidado por Castelao, logo da clausura da Asemblea.

1921

Licénciase en Dereito e comeza a exercer a avogacía. É enviado á Guerra de África de urxencia, despois do desastre de Annual, e é repatriado por enfermo ao cabo duns meses. Entrementres, envía crónicas para *El Noroeste*

1920

Comeza a colaborar con *A nosa terra*.

1922

É declarado inútil para o Servizo Militar. Escribe a noveliña *Soldado de morte* que nunca chegará a publicar e que só coñecen os amigos máis próximos. Compra o primeiro coche. Dirixe, ata 1926, o xornal *Galicia* en Vigo, nomeado polo promotor do xornal, o cónsul chileno e representante de "Nitrato de Chile", Ernesto Cádiz, o que lle permite gozar dun amplo abano de contactos sociais, culturais, políticos e económicos.

1923

○ 13 de setembro iníciase a ditadura de Primo de Rivera e comezan os problemas de censura no *Galicia*.

1924

Opta por pasar quince días no cárcere de Vigo en vez de pagar unha multa de 250 pesetas, por uns artigos publicados en *Galicia* sobre a escolla da mellor alternativa para o trazado do ferrocarril, o que suscita un amplo movemento de apoio ao xornalista.

1926

Co peche do xornal *Galicia*, no mes de setembro, pola súa inviabilidade económica ao retirar o apoio ao promotor, céntrase na avogacía.

Inicia as colaboracións con *El Pueblo Gallego* que fundara dous anos antes Portela Valladares, e que manterá ata inicios da guerra.

1927

Convértese en asesor xurídico de “La Marítima”, a sociedade de armadores de Bouzas.

Publica os seus primeiros artigos na revista *Industrias Pesqueras* lanzada ese ano por José Barreras Massó como órgano da “Asociación General de Industrias Pesqueras y sus Derivadas”.

1928

Publica *Los puertos nacionales de pesca en España: Aportación de Vigo al estudio del problema*.

Comezo da amizade permanente con Eduardo Blanco Amor a quen organiza un xantar de despedida en Vigo cando este retorna a Buenos Aires.

1929

Viaxa a Francia para visitar o porto de Lorient–Keroman e facer un informe para os armadores vigueses. Coñece París, Bretaña e volve por Barcelona, onde manterá contactos políticos.

1930

Participa no lanzamento do proxecto galeguista nos finais da ditadura de Primo de Rivera.

Funda o *Grupo Autonomista Galego de Vigo* do que é nomeado Presidente.

Participa como orador nos mítins de García Barbón – xunto con Otero e Castelao– encargándose da visión política e no posterior Banquete da Barxa.

Participa na fundación da Asociación de Escritores Galegos.

Morre seu tío Juan Bautista de Andrade.

1931

Preséntase ás eleccións a cortes pola Candidatura Galeguista xunto con Ramón Cabanillas e Castelao e non sae elixido por escasísima marxe, polo roubo dunhas sacas de correos con resultados electorais.

Participa como orador no mitin electoral do García Barbón repetindo con Otero e Castelao.

Participa na redacción do *Anteproyeito de Estatuto de Galicia* do Seminario de Estudos Galegos.

En decembro, participa na fundación do Partido Galeguista. El é quen propón o nome.

1932

O 22 de novembro é ferido nun atentado anarquista en Vigo por ser o avogado da patronal, mentres pasea en compañía de Xaime Illa Couto.

1934

Ante o desterro de Castelao a Badajoz e de Bóveda a Cádiz amosa as súas reticencias a asumir a Secretaría do Partido Galeguista.

1936

Preséntase ás eleccións polo Partido de Centro Democrático de Portela Valladares.

Nos primeiros días da guerra consegue a liberación de Xosé Núñez Búa e axuda a escapar a Ramón Martínez López.

O 9 de setembro é desterrado a Verín onde sofre un intento de atentado.

1937

En xaneiro é confinado en Requeixo de Queixa, no máis agreste da serra, como protección contra os “paseadores”. Escribe poesía íntima, paisaxista e social, que publicará en *Sementeira do vento* ou de *Cen claves de sombra*.

En abril é autorizado a residir en Castro Caldelas, por mor da súa ferida no atentado, e despois en Póboa de Trives. Coñece alí a Pilar Rodríguez de Prada.

1938

É autorizado a asistir a un encontro de armadores no País Vasco en representación dos de Vigo e, á volta, instálase motu proprio en Vigo dando por concluído o seu confinamento.

1939

En agosto é detido de novo e confinado en Villanueva de la Serena, Badaxoz, ata finais de ano.

Noso Alexandre, Martir

*Trinta e seis, trinta e seis, trinta e seis...
Taquicardia da historia d-unha imaxe
con pulsación esmorecida.*

*Trinta e seis, trinta e seis, trinta e seis...
Que ancho o peito teu para os balazos,
con curazón equidimensioado,
alcoube pol-a idea frolecido.*

*Qué regueiro de folgo para unba fê
por un agosto tráxico xiado,
ao despontar un día a mañanciña!*

*Trinta e seis, trinta e seis, trinta e seis...
Toda a xeografía da Galiza,
eiquí as aldeas, acolá as cibdades,
da minbota fronteira até Teixido,
da Curota ao Caurel,
alí cabía d-un costado a outro,
mapa do corazón compromentido,
augas, montanas, povos... que lavabas
cal loriga carnal do pensamento,
aquele da Galiza acriboada
ao cuspir os fusiles sobre ti.*

*Trinta e seis, trinta e seis, trinta e seis...
Sete cruces na tampa como escudo,
sete cruces e calix do Grial,
tatuaxe azul dos símbolos amados,
unba terra a ceibar de alleas poutas,
unba xente a curar da praga exótica,
unba patria a facer.*

*Sete, catorce... tiros na Caeira,
contra un pino dos binos de Pondal,
contra un pino de froumas a cair,
contra un pino de ponlas a chorar!*

*Trinta e seis, trinta e seis, trinta e seis...
E unba bandeira da Galiza a furto,
cadaleito a pechar,
para o teu peito aquecer no máis alá!*

As cinzas de marte... 1936

○ 8 de decembro de 1939 casa na Capela do Santo Cristo en Ourense e emprenden a viaxe de noivos ao Marrocos español.

1940

○ 4 de outubro nace o seu único fillo, ao que porá en primeiro lugar o nome de Alfonso, en lembranza de Castelao.

1942

Comeza a dirixir *Industrias Pesqueras* onde viña colaborando desde 1927.

1943

○ 18 de maio o Delegado Provincial de Educación Popular insístella na prohibición de usar o seu nome en publicacións periódicas.

1945

Iníciase o faladoiro do café Alameda en Vigo, onde se xunta a intelectualidade galeguista da cidade. Serán asiduos Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez e os pintores Carlos Maside, Prego de Oliver, Laxeiro, Urbano Lugrís, e ocasionalmente irán Fco. Fernández del Riego, Otero Pedrayo, etc.

Viaxa a Francia. En Hendaya e París trata de convencer a amigos exiliados de que volvan a España a aproveitar as posibilidades do interior, no contexto de postguerra mundial.

1946

Morreu seu pai.

1947

Escríbelle a Castelao desde Portugal comuncándolle o seu desexo de ir a Buenos Aires.

1950

O 17 de xaneiro publica no xornal santiagués *La Noche* o primeiro artigo reivindicando a memoria de Castelao

Na matricial Galiza, sempre túa,

*que dende a Torre de Hércules ao Miño
un facbo acenderá por cada illa,
cando ti volvas polo mare;
de toxo unha fogueira en cada monte;
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;
unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alciprestes,
cando ti volvas polo mare;
luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;
veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti chegues polo mare;
cando ti chegues polo mare...*

Pranto Matriarcal, 1955

publicado en Galicia e fai outro tanto na revista *Galicia* do mes de febreiro, do Centro Gallego de Buenos Aires. Visita Brasil, Uruguai e Arxentina, como convidado de honra nas Xornadas Patrióticas Galegas de 1950, acompañado de Pilar, a súa dona, e onde fará múltiples contactos cos galeguistas, exiliados e emigrantes deses países. Entre eles, Xosé Núñez Búa, a quen considera un "irmán". Levará unha coroa de loureiro do cemiterio de Padrón para a tumba de Castelao.

Entrevístase co xeneral Perón e falan do desenvolvemento pesqueiro posible de Arxentina. Á súa instancia, visita Mar del Plata con membros da súa administración.

Nesta viaxe, contacta tamén coas colectividades galegas de Brasil e Montevideo.

Bibiano Fernández Osorio-Tafall, responsable da FAO en Hispanoamérica, convídalo a impartir un curso sobre economía pesqueira en Chile, no primeiro trimestre de 1952.

1951

Organiza unha mostra de artistas galegos contemporáneos en Buenos Aires. Desde Galicia envía obra de varios pintores e escultores, momento en que Laxeiro aproveita para radicarse na capital porteña.

1952

Viaxa a Chile, vía Uruguai, onde permanece tres meses impartindo un curso de economía pesqueira organizado pola FAO na Universidade de Santa María en Valparaíso. Acompaña Pilar, a súa dona.

En Buenos Aires, de volta, ten novos contactos coa administración arxentina interesada nas cuestións pesqueiras.

1953

Comeza a redacción de *Pranto Matricial* que cotexa cos amigos.

1954

Viaxa a México, de outubro a decembro, onde participa no II Curso Latinoamericano de Capacitación Pesquera" da FAO. Aproveita para percorrer o país e entrar en contacto con moitos amigos exiliados.

Na viaxe de volta, visita Cuba e Nova York onde se encontra, tamén, con amigos como Xerardo Álvarez Gallego e Emilio González López.

Supervisa na distancia a tradución de *Pranto Matricial* e Seoane e Núñez Búa se encargan da súa impresión.

A FAO publícalle *Principios de economía pesquera*, en Santiago de Chile, sede rexional de Iberomérica da axencia.

Publica *Producción y fluctuación de las pesquerías*, ed. UNESA

1955

De febreiro a xuño vive en Colombia, nunha misión da FAO de apoio á ordenación xurídica e económica do sector pesqueiro do país a través do Comité Nacional de Planeación.

Aparece publicado na editorial Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, *Pranto Matricial* con tradución ao castelán de Marina de Villarino, capa de Seoane e ilustracións de Maside e Torres.

1956

O 15 de setembro publícase un solto de sociedade na revista *Industrias pesqueras* no que falando cun cese dun comandante da mariña, sinala “*ha desarrollado una labor impulsiva, en ocasiones acertada, pero que ha provocado frecuentes dificultades*”.

1957

É procesado como director de *Industrias pesqueras* porque se nega a identificar ao redactor da noticia. Condenado a 30 días de cárcere recibe numerosas mostras de apoio –entre elas a do alcalde de Vigo– durante a súa estada no Cárcere de Vigo. Á penas sae, trasládase a Buenos Aires por ser, novamente, convidado de honra nas Xornadas Patrióticas Galegas en Buenos Aires, xunto co seu amigo Bibiano Fernandez Osorio-Tafall. Viaxa coa muller e co fillo Alfonso.

Desenvolve unha amplísima actividade en Buenos Aires, Rosario, Mar del Plata, Montevideo e Sao Paolo.

1958

Publica *Sistema económico de la pesca en Galicia* editorial Citania, Buenos Aires.

Organiza os Premios Ramón Mourente de xornalismo, polos que cada mes, desde xaneiro deste ano, se premia con 1.500 pesetas a un artigo sobre economía ou cultura de Galicia, que durarán varios anos.

1959

Publica *Galicia como tarea* nas Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, recollendo e ampliando as conferencias dadas en Bos Aires dous anos antes.

Colabora con Manuel Cordo Boullosa na intención de promover unha refinería de petróleo en Vigo, (Petrogas).

1960

Viaxa por Francia, Bélxica e Alemaña.

Publica *Los derechos sobre el espacio marítimo*, ed. Reus. O 23 de xuño fúndase Pescanova, co impulso dos seus amigos Xosé Fenández e Álvaro Xil, compañía da que é nomeado Vicepresidente.

1961

Convidado polo empresario portugués de orixe galega, Manuel Boullosa, asiste á inauguración dunha refinería en Lourenço Marques. Na viaxe de ida, visita Roma, Atenas, El Cairo, Nairobi, Johannesburgo... As súas visitas aos mercados locais, en Johannesburgo, oríentano para promover a pesca naquelas augas para a compañía Pescanova.

O día 23 de decembro sofre un grave atropelo preto da súa casa familiar de Lérez con multitude de fracturas e unha rehabilitación de meses.

1962

Convalece das feridas na súa casa de Samil, obra do arquitecto amigo Manuel Gómez Román que denominará “Pousa nova do mar” e na que exercerá, xunto coa súa muller, de xenerosos anfitrións por anos.

Viaxe inaugural do barco *Andrade* segundo pesqueiro de Pescanova. Na viaxe inaugural, pola ría de Vigo, aínda que el non pode asistir, van moitos amigos, entre eles, convida a Virxinia Pereira, viúva de Castelao, en Galicia para solucionar asuntos da herdanza de Daniel.

1963

Fai unha viaxe profesional, como avogado, ao Mato Grosso, por unha cuestión dun preito nunha herdanza.

Elabora un proxecto para a constitución dun Banco Industrial de Galicia, pero demoras e cambios na política económica do réxime, botan por terra o asunto.

1964

O 7 de xuño é nomeado membro da *Real Academia Galega*.

1965

Participa como delegado do Centro Galego de Buenos Aires no III Congreso da Emigración celebrado en Compostela.

En novembro asiste en Suecia, en Gotemburgo, ao III Congreso técnico da FAO sobre buques de pesca.

1966

A principios de ano viaxa a Guinea Ecuatorial.

As Palavras

*Ven o ar ateigado de palabras,
cada mañan chamando aos nosos vidros,
pra por a xermolar son e semente.
As palabras de cote están falando
e como nós os xordos ao mensaxe
que no seo das sílabas carrexan.*

*Pol-as palabras somos outra cousa,
e non primáz matéria d-unha besta,
sô desbravada em nós pol-as palabras.
Son palabras as ondas do gran río
da fala, que morre un pouco e nasce
do mencer ao luar de cada día.*

*A eito marteladas nos falares
do povo, que as mestura ao seu sudor,
limadas cal semánticas moedas
nas forxas oficiaes do saber,
sempre as palabras teñen lei de onda
a devalar na vida dos demáis.*

*É de palabras a primeira música
que dá tremer de luz ao noso tímpano,
e de palabras o primeiro río
que verte ao noso canle suas ondas,*

*e se fai subterrán en cada noite
pra renacer no leito das auroras.*

*Denantes das palabras foi a choiva
linguaxe de cristais da natureza,
de verticales sílabas composto,
elemental vocabulario líquido
das claves seminales sobre a terra,
a descifrar pol-as meniñas da alma.*

*Palabras insonoras baixo o sono
como peixes de acuario apagado
que a memoria repesca na vixilia.
Palabras e memoria duas forzas
que xa casadas nascen lonxe, lonxe...
no orbe prebabélico do home.*

*E cando chega a morte a nosa veira,
cando nos pasaporta para o nada,
o que de certo pasa e se rexista,
o que nos deixa listos para o embarque
na dorna por Caronte tripulada...
e o naufraxio de todas as palabras.*

Ora na Hora, 1970

En maio asiste en Lorient á III Bienal Internacional de Pesca. En xullo trasládase a Buenos Aires, ao ser, por terceira vez, convidado de honra ás Xornadas Patrióticas Galegas. A intensa actividade desenvolvida no circuíto habitual, remata cunha domorada viaxe por Chile, Perú, Colombia, Venezuela.

1967

Viaxa de novo a Buenos Aires acompañado de José Fernandez, Presidente de Pescanova e percorren o sur da

Arxentina en prospección de localizacións e contactos para a empresa e presenta na librería Galatea *La anunciación de Valle Inclán*, na Editorial Losada de Buenos Aires.

1968

Publica *Sementeira do vento* na colección Illa Nova da editorial Galaxia.

Publica "A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa" en *O porvir da lingua galega*, editado polo Círculo das Artes de Lugo.

1969

Participa en Roma na Conferencia internacional sobre Investimentos en Pesca, na sede da FAO

1970

En maio participa en Reikiavick na Conferencia Internacional sobre arrastre dirixido, organizada pola FAO.

Publica *El capital como factor del desarrollo de Galicia*, ed. Banco del Noroeste.

La marginación de Galicia, ed. Siglo XXI.

A finais de agosto sofre un derramo cerebral.

Diante terá dous anos de lenta recuperación.

1973

Celébrase en Vigo a *World Fishing Exhibition*, na que a xerencia corre a cargo do seu fillo Alfonso e que suporá, dalgún xeito, o ramo da súa carreira profesional pois pronuncia o discurso de apertura que será o primeiro despois da enfermidade.

1974

Participa, en representación do sector dos conxelados españois, na "III Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre dereito do mar", en Caracas onde se decide o tema da ampliación a 200 das augas xurisdicionais. Imparte charlas na Facultade de Filosofía e letras sobre Valle Inclán e na Irmandade Galega sobre economía de Galicia. Entérase alí da fundación da Xunta Democrática en París pola prensa e por boca de Fernando Arrabal e Nuria Espert presentes no país no II Festival internacional de Teatro de Venezuela.

Publica *El concepto de zona económica en el nuevo derecho del mar*.

Participa en Viana do Castelao na reunión formativa da Xunta Democrática.

1975

Viaxa a París e Estrasburgo como membro da Xunta Democrática.

Reedítase *Pranto Matricial* engadíndolle versións en vasco, catalán e portugués.

Publica "*La sociedad y la economía*", na obra colectiva *Los gallegos*, publicada por AKAL.

Recibe o Pedrón de Ouro en Padrón.

1976

O 4 de decembro de 1976 é designado pola oposición como integrante da Comisión Negociadora da

Oposición Democrática representando a Galicia como independente, co goberno e na preparación primeira do deseño do estado democrático. Con el, están na Comisión, Jordi Pujol, Santiago Carrillo, Tierno Galván, Raul Morodo, Felipe González, Marcelino Camacho, Nicolás Redondo etc.

1977

O 15 de xuño é elixido senador, como galeguista independente, integrado na Candidatura Democrática Galega.

O 4 de decembro fala en Vigo, como orador único escollido polas forzas políticas que promoven as mobilizacións en favor da autonomía de Galicia, mentres que en Ourense o facía o seu amigo, Eduardo Blanco Amor.

Escribe o poema *Canto ao catro de Nadal*.

1978

11 de febreiro le o discurso de ingreso na RAG, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* e publica o libro no que analiza as influencias lingüísticas de sustrato galego nas zonas máis remotas do norte do Brasil.

Recibe a Cruz de San Raimundo de Peñafort.

No mes de novembro, vista Canadá, nunha misión do Senado Español.

1979

Publica *Cen claves na sombra* nas Edicións do Castro.

Recibe a Medalla de Ouro da cidade de Pontevedra

1980

Viaxa a Noruega para participar na exposición Nor-fishing.

1981

Participa, sen moita fe e desde segunda fila, no intento de reconstrución do PG.

1982

Publica *Castelao na luz e na sombra* nas Edicións do Castro, a biografía máis completa ata o momento sobre o autor.

1983

Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, de Joseph Cornide; *estudio preliminar*. en Edicións do Castro

O 13 de xaneiro pronuncia o pregón na Feira do Libro de Vigo.